EXPEDIENTE 2023/G010/000008. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 20 de setembro de 2023

Acta 2023/8

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro
Data: mércores 20 de setembro de 2023
Hora de comezo: 21:00 horas
Hora de remate: 22:55 horas

PRESIDE:

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)

ROBERTO CASTRO ROCAMONDE [alcalde-presidente]

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)

JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ

REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO

ALFREDO SOUTO CASTELO

ISOLINA SUAREZ MILLAN

MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)

DARIO REY SUAREZ

ANGELICA DOLORES LAMAS LOUZAO

JOSE LUIS RAMOS BARREIRO

Partido Galego (PG)

JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Outras asistencias:

Secretario-interventor

DALMIRO NÚÑEZ MÉNDEZ

AUSENCIAS:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Non hai ausencias

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día que remitiuse aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

ORDE DO DÍA

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1 EXPEDIENTE 2023/G010/000005. Pleno do Concello. Sesión especial de constitución da Corporación Municipal de Touro para o período 2023/2027 do 17 de xuño de 2023. Aprobación da acta da sesión

2 EXPEDIENTE 2023/G010/000006. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria e urxente do 28 de xuño de 2023. Aprobación da acta da sesión

3 EXPEDIENTE 2023/G010/000007. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2023. Aprobación da acta da sesión

4 EXPEDIENTE 2023/G006/000169. Organización e funcionamento da Corporación municipal 2023-2027. Dereitos económicos das persoas integrantes da Corporación

5 EXPEDIENTE 2023/G014/000001. Ordenanza de concesión de axudas para o fomento da natalidade e o asentamento poboacional do Concello de Touro. Aprobación inicial

6 EXPEDIENTE 2023/A008/000033. POS+ 2023. AD2b (gasto corrente 2023). Solicitude de participación

II PARTE DE CONTROL

7 EXPEDIENTE 2023/G006/000220. Decretos da Alcaldía ditados entre o 1 de marzo e o 31 de agosto de 2023. Toma de razón

8 EXPEDIENTE 2023/G006/000221. Reparos de legalidade emitidos pola Secretaría-Intervención entre o 1 de marzo e o 31 de agosto de 2023. Toma de razón

9 EXPEDIENTE 2023/T019/000001. Liquidación do Orzamento xeral do Concello de Touro correspondente ao exercicio de 2022

10 EXPEDIENTE 2023/G006/000228. Moción do grupo municipal do BNG sobre a creación de liñas de axudas para facer fronte aos gastos escolares (RE 202399900000397 do 10.09.2023)

11 EXPEDIENTE 2023/G006/000227. Moción do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre o proxecto de construción unha planta de hidróxeno verde no encoro de Touro (salto n.º 2) no río Ulla, por parte da empresa TASGA renovables (RE 202399900000397 do 10.09.2023)

12 EXPEDIENTE 2023/G006/000229. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a ampliación do importe das subvencións destinadas á organización das festas parroquiais (RE 202399900000395 do 10.09.2023)

13 EXPEDIENTE 2023/G006/000230. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

rexeitamento da tramitación de leis de amnistía (RE 202399900000410 do 10.09.2023)

14 EXPEDIENTE 2023/G006/000231. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a gravación das sesións plenarias (RE 202399900000396 do 10.09.2023)

15 Rogos e preguntas

De seguido iniciase o debate e votación dos asuntos

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1 EXPEDIENTE 2023/G010/000005. Pleno do Concello. Sesión especial de constitución da Corporación Municipal de Touro para o período 2023/2027 do 17 de xuño de 2023

ANTECEDENTES

17.06.2023. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 17 de xuño de 2023.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non hai intervencións

VOTACIÓNS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Votos a favor: once (5 de PP; 4 de pMVdeT; 1 de PG; e 1 de BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos)

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 17 de xuño de 2023.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

2 EXPEDIENTE 2023/G010/000006. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria e urxente do 28 de xuño de 2023. Aprobación da acta da sesión

ANTECEDENTES

28.06.2023. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 28 de xuño de 2023.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non hai intervencións

VOTACIÓNS

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Votos a favor: once (5 de PP; 4 de pMVdeT; 1 de PG; e 1 de BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos)

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 28 de xuño de 2023.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

3 EXPEDIENTE 2023/G010/000007. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2023. Aprobación da acta da sesión

ANTECEDENTES

18.07.2023. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 18 de xullo de 2023.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Intervén o Xoán Antón Louzao Rodríguez (BNG) pon de manifesto que a acta ten dous erros (que el se dea conta):

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- No punto 2 da orde do día e no referente ao horario das sesións plenarias o acordo foi ter as sesión ás 21:00 horas, de xeito que o acordo adoptado é:

  PRIMEIRO. *O Pleno do Concello de Touro terá sesións ordinarias cada mes (excepto o mes de agosto), ás 21:00 horas.*

- No punto 5 da orde do día e no referente á periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local o acordo (punto segundo do parte resolutiva) foi ter unha sesión ao mes, de xeito que o acordo adoptado é :

  […]

  SEGUNDO. *A Xunta de Goberno Local, previa convocatoria realizada ao só efecto por esta Alcaldía, realizará sesións ordinarias no Salón de Plenos ás 13:30 horas o primeiro mércores de cada mes polo que se celebrará unha sesión cada mes.*

  O alcalde poderá cambiar o día e a hora das sesións, así como suspendelas en Semana Santa, Nadal e outros períodos festivos, e pospoñer ou avanzar a súa realización, dentro da mesma semana, cando o día que teñan que ter lugar sexa inhábil ou concorran as circunstancias antes ditas.

  A primeira sesión ordinaria terá lugar o 06.09.2023.

  […]

Intervén o Secretario-Interventor para corroborar os erros sinalados polo que se propón aprobar a acta coas correccións postas de manifesto anteriormente.

Corrixidos os erros postos de manifesto, procédese á votación

VOTACIÓNS

Votos a favor: once (5 de PP; 4 de pMVdeT; 1 de PG; e 1 de BNG)
Votos en: contra: ningún (0 votos)
Abstencións: ningunha (0 votos)

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 18 de xullo de 2023.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

4 EXPEDIENTE 2023/G006/000169. Organización e funcionamento da Corporación municipal 2023-2027. Dereitos económicos das persoas integrantes da Corporación

ANTECEDENTES

17.06.2023. Constitución da Corporación municipal

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

PRIMEIRA. Normativa que se aplica.

Tense en consideración a seguinte normativa:

- Artigo 7 da Carta Europea de Autonomía Local, do 15 de outubro de 1985
- Artigos 75, 75.bis e 75.ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local (LRBRL).
- Artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2023.
- Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social (LXSS)
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas (LI)
- Bases de execución do Orzamento municipal da Entidade Local Concello de Touro (orzamento 2022 prorrogado)

A normativa establece que as percepcións económicas dos cargos electos das Corporacións Locais como representantes comprenden os seguintes conceptos:

- Retribucións salariais cando desempeñen o cargo en réxime de dedicación exclusiva.
- Retribucións salariais cando desempeñan o seu cargo en réxime de dedicación parcial.
- Asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o pleno corporativo.

SEGUNDO. Dereitos económicos incluídos no Estatuto dos cargos electos. De acordo co artigo 75 da LRBRL e o artigo 136.2 da LXSS, os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con **dedicación exclusiva**, nese caso serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda (coas excepcións que establece a propia norma). No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con **dedicación parcial** por realizar funcións de Presidencia, Vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, nese caso serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda (coas excepcións que a propia norma establece). Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparellada esta dedicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións.

Os membros das Corporacións locais que sexan persoal das Administracións Públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial a súas funcións fóra da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no artigo 5 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no apartado sexto do mesmo artigo.

Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.

Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o pleno corporativo.

As Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias a que se fai referencia no catro números anteriores, dentro dos límites que con carácter xeral establézanse, no seu caso. Deberán publicarse integramente no Boletín Oficial da Provincia e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Os límites en contías e números de dedicacións, o artigo 75.bis.1 da LRBRL dispón que os membros das Corporacións Locais serán retribuídos polo exercicio do seu cargo nos termos establecidos no artigo anterior. Os Orzamentos Xerais do Estado determinarán, anualmente, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se atopen en situación de servizos especiais, atendendo entre outros criterios á natureza da Corporación local e á súa poboación segundo a seguinte táboa:

Habitantes	Referencia
1.000 a 5.000	Secretario de Estado -60%

O artigo 75.bis da LRBRL conforme á actualización establecida na Disposición Adicional 27ª da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, e considerando o disposto no seu artigo 21 establece a táboa actualizada que recolle o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se atopen en situación de servizos especiais, atendendo entre outros criterios á natureza da Corporación local e á súa poboación:

Habitantes	Referencia - Euros
1.000 a 5.000	46.464,02

O artigo 75.ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL- regula a limitación no número dos cargos públicos das Entidades Locais con dedicación exclusiva establecendo que a prestación de servizos nos Concellos en réxime de dedicación exclusiva por parte dos seus membros deberá axustarse en todo caso aos seguintes límites:

(...)

d) Nos Concellos de Municipios con poboación comprendida entre 3.001 e 10.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá de tres.

(…)

Non se establecen límites ao número de dedicacións parciais non podendo superar a súa contía o 75 % da cantidade establecida como máxima a percibir na dedicación exclusiva segundo o tramo poboacional.

SEGUNDO. Procedemento de aprobación. O establecemento de réxime de dedicación parcial require de existencia de consignación orzamentaria para atender as dedicacións dos membros electivos da Corporación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O pleno, a proposta do presidente, determinará dentro da devandita consignación, a relación de cargos da Corporación que se desenvolven en réxime de dedicación e as contías das retribucións de cada un deles.

Corresponde ao presidente da Corporación o nomeamento dos membros electivos que han de desempeñar tales cargos. Pois aos alcaldes atribúeselles a potestade de nomeamento de tenentes de alcalde e de delegación de funcións nestes e nos concelleiros (artigo 23.4 da LRBRL).

O nomeamento para o cargo debe ser expresamente aceptado.

O desempeño en réxime de dedicación exclusiva non supón vinculación coa administración de carácter laboral nin estatutario nin funcionarial.

En canto á potestade de nomeamento ata os límites establecidos pola LRSAL non existía precepto legal algún que restrinxise o seu número.

CUARTO. Indemnizacións a favor dos integrantes da Corporación municipal. Regúlanse na base 17 das Bases de execución do orzamento municipal que establece unhas indemnizacións en concepto de asistencias a sesións de órganos colexiados de 150,00 € e unha indemnización do alcalde en funcións de 2.200 € brutos ao mes por un réxime de dedicación mínima de 5 horas diarias. Non se establece indemnización por asistencia ás sesións das mesas de contratación nin por xornadas que os membros da Corporación sen dedicación parcial ou exclusiva teñan que dedicar a tarefas propias do cargo que desenvolven.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar unha retribución por dedicación parcial para o cargo electo:

CARGO	**RETRIBUCIÓNS ANUAIS**	
Alcaldía	Partida:	912.100.00
	Salario:	25.920,00
	Pagas extras:	4.320,00
	Retribucións totais anuais:	30.240,00 €
	Seguridade Social empresa:	9.948,96 €
	Custe total:	40.188,96 €

Esta retribución actualizarase anualmente conforme as cantidades que en concepto de réxime retributivo dos membros das corporacións locais estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado para cada ano.

Este acordo terá efectos dende o 18.07.2023.

O réxime de dedicación mínima que se establece para percibir a retribución é de 30 horas semanais.

SEGUNDO. Solicitar ante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social o alta do cargo que pasa a desenvolver o seu cargo en réxime de dedicación parcial, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social impón ás Empresas en relación cos traballadores ao seu servizo

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

TERCEIRO. Fixar o seguinte réxime de indemnizacións e asistencias das persoas integrantes da Corporación municipal:

Os membros da Corporación sen dedicación parcial ou exclusiva percibirán unha indemnización de 150,00 € en caso de xornada completa e o 75,00 € en caso de media xornada, polos custos que se lles causa por xornadas de traballo fóra das asistencias aos órganos colexiados dos que formen parte.

Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisións de servizos ou xestións oficiais, dispostas pola corporación, polo seu presidente ou por outros órganos competentes, serán aboados previa presentación dos correspondentes xustificantes, no caso de utilización de vehículo propio, aplicaranse as indemnizacións que sexan de aplicación ás administracións públicas.

Indemnizacións por asistencia a sesións dos órganos colexiados:

- ☑ *Sesións plenarias: 150,00 euros.*
- ☑ *Sesións da Xunta de Goberno: 150,00 euros.*
- ☑ *Reunións das Comisións informativas: 150,00 euros.*
- ☑ *Reunión da mesa de contratación: 150,00 euros*

CUARTO. Notificar este acordo aos voceiros dos diferentes grupos políticos municipais e a todos os concelleiros, facendo constar á persoa integrante da Corporación designada para desenvolver o cargo ao que se lle recoñece a dedicación parcial que terá que aceptarse no prazo de 3 días dende a súa notificación.

QUINTO. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de anuncios deste Concello, dando traslado do mesmo á Administración Xeral do Estado e á da Comunidade Autónoma para os efectos previstos no artigo 65 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.

INTERVENCIÓNS

Intervén o alcalde, Roberto Castro Rocamonde.

Explica resumidamente a proposta que se trae a aprobación polo Pleno do Concello.

O salario proposto para o alcalde por unha dedicación parcial equivale a dúas veces o salario mínimo interprofesional. Explica que é unha proposta acorde, xusta e equilibrada para un concello do tamaño do Concello de Boqueixón.

Intervén Xoán Antón Louzao Rodríguez (BNG).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pregunta se hai que votar a proposta en conxunto.

Intervén o Secretario-Interventor.

Sinala que si.

Retoma a súa intervención o voceiro do BNG.

Sinala a súa sorpresa porque se presente a mesma proposta de dedicación parcial para o alcalde que na sesión plenaria do 18 de xullo de 2023, coas mesmas dietas por asistencias ás sesións dos órganos colexiados e coas mesmas dietas por asistencias ao concello dos concelleiros. Lembra que esta mesma proposta non se aprobou no pleno anterior.

Engade que se ofreceu unha dedicación parcial de 23.000 € o que non é ningún soldo indigno para un alcalde; lembra que o actual alcalde propuso unha dedicación exclusiva do anterior alcalde de 32.000 € fai 4 anos.

Lémbralle que está en minoría e que polo tanto non lle queda outro remedio que negociar o seu soldo e todos os asuntos que quera aprobar.

Pregunta se se poden facer emendas á proposta.

Intervén o secretario e sinala que non se poden facer emendas e menos a unha cuestión salarial.

Intervén Jesús José Reboredo González (PP).

Mostra a súas dúbidas sobre que non podan presentar unha emenda á proposta.

Lémbralle ao alcalde que na pasada lexislatura defendía reducir a dedicación exclusiva ata os 21.000 €.

Anuncia o seu voto en contra.

Intervén o alcalde Roberto Castro Rocamonde.

Lémbralle ao voceiro do BNG que o salario dun alcalde non é unha poxa como as de San Cidre ou Bama, sorpréndese que primeiro ofreza 15.000 € e agora salga con 23.000 €; pon o exemplo do Concello de San Sadurnino no que, cunha poboación inferior, o alcalde do BNG ten unha retribución por unha dedicación parcial de 37.000 € e por asistencias a Xuntas de Goberno 300 €.

Engade que na comparativa das dedicacións exclusiva e parcial da anterior lexislatura coa proposta que trae ao pleno o actual equipo de goberno supón un aforro superior aos 60.000 € anuais respecto aos da anterior lexislatura. Engade que as dietas propostas para os concelleiros sen dedicacións non son por asistencia ao concello senón pola asistencia a xornadas de traballo relacionadas co cargo que desenvolven fóra das asistencias aos órganos colexiados dos que formen parte.

Intervén Xoán Antón Louzao Rodríguez (BNG)

Define a intervención do alcalde como rocamondesca.

Intervén o alcalde Roberto Castro Rocamonde.

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pídelle que retire a expresión.

Intervén Xoán Antón Louzao Rodríguez

Retira a expresión.

Insiste na súa vontade de negociar e chegar a un acordo e insiste que un goberno en minoría ten que aceptalo e negociar os asuntos.

Intervén o voceiro do PP, Jesús José Reboredo González

Anuncia que pedirá un informe á Secretaría-Intervención sobre porqué non poden presentar unha emenda a proposta da Alcaldía.

Intervén Roberto Castro Rocamonde e lémbralle que o solicite por escrito.

Lémbralle ao Xoán Antón Louzao Rodríguez que o actual equipo de goberno ofreceulle formar parte daquel, delegarlle a xestión dunha área do concello e formar parte da Xunta de Goberno Local e que esa proposta que non se aceptou segue en pé.

VOTACIÓNS

Votos a favor: cinco (4 de pMVdeT; 1 de PG;)
Votos en contra: seis (5 de PP; e 1 de BNG)
Abstencións: ningunha (0 votos)

ACORDO

ÚNICO. Non aprobar a proposta da Alcaldía que di:

PRIMEIRO. Aprobar unha retribución por dedicación parcial para o cargo electo:

CARGO	***RETRIBUCIÓNS ANUAIS***	
Alcaldía	*Partida:*	*912.100.00*
	Salario:	*25.920,00*
	Pagas extras:	*4.320,00*
	Retribucións totais anuais:	*30.240,00 €*
	Seguridade Social empresa:	*9.948,96 €*
	Custe total:	*40.188,96 €*

Esta retribución actualizarase anualmente conforme as cantidades que en concepto de réxime retributivo dos membros das corporacións locais estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado para cada ano.

Este acordo terá efectos dende o 18.07.2023.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O réxime de dedicación mínima que se establece para percibir a retribución é de 30 horas semanais.

SEGUNDO. *Solicitar ante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social o alta do cargo que pasa a desenvolver o seu cargo en réxime de dedicación parcial, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social impón ás Empresas en relación cos traballadores ao seu servizo*

TERCEIRO. *Fixar o seguinte réxime de indemnizacións e asistencias das persoas integrantes da Corporación municipal:*

Os membros da Corporación sen dedicación parcial ou exclusiva percibirán unha indemnización de 150,00 € en caso de xornada completa e o 75,00 € en caso de media xornada, polos custos que se lles causa por xornadas de traballo fóra das asistencias aos órganos colexiados dos que formen parte.

Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisións de servizos ou xestións oficiais, dispostas pola corporación, polo seu presidente ou por outros órganos competentes, serán aboados previa presentación dos correspondentes xustificantes, no caso de utilización de vehículo propio, aplicaranse as indemnizacións que sexan de aplicación ás administracións públicas.

Indemnizacións por asistencia a sesións dos órganos colexiados:

- ☑ *Sesións plenarias: 150,00 euros.*
- ☑ *Sesións da Xunta de Goberno: 150,00 euros.*
- ☑ *Reunións das Comisións informativas: 150,00 euros.*
- ☑ *Reunión da mesa de contratación: 150,00 euros*

CUARTO. *Notificar este acordo aos voceiros dos diferentes grupos políticos municipais e a todos os concelleiros, facendo constar á persoa integrante da Corporación designada para desenvolver o cargo ao que se lle recoñece a dedicación parcial que terá que aceptarse no prazo de 3 días dende a súa notificación.*

QUINTO. *Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de anuncios deste Concello, dando traslado do mesmo á Administración Xeral do Estado e á da Comunidade Autónoma para os efectos previstos no artigo 65 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.*

5 EXPEDIENTE 2022/G016/000005. Ordenanza reguladora da concesión de axudas para o fomento da natalidade e o asentamento poboacional no Concello de Touro. Aprobación inicial da súa modificación

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ANTECEDENTES

10.02.2022. Aprobación inicial polo Pleno do Concello da Ordenanza reguladora da concesión de axudas para o fomento da natalidade e o asentamento poboacional no Concello de Touro

12.05.2022. Publicación no BOP n.º 90 do anuncio correspondente a entrada en vigor da ordenanza

16.09.2023. Proposta de modificación da ordenanza para incluír como obxectivo o fomento do comercio local do Concello de Touro.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONOMICAS

PRIMEIRA. Normativa aplicable.

Tense en conta a seguinte

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015 do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP).

SEGUNDA. **Procedemento de modificación das ordenanzas.**

Na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, e sempre dentro da esfera das súas competencias, corresponde a este concello a potestade regulamentaria e de auto organización así como a modificación das ordenanzas reguladoras xa existentes.

A aprobación das ordenanzas locais axustarase ao procedemento establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril e no artigo 17 da Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no que as ordenanzas fiscais se refire.

Para a modificación das ordenanzas terán que observarse os mesmos trámites que para a súa aprobación (artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril).

O acordo de aprobación inicial e, no seu caso, de aprobación definitiva da modificación da ordenanza corresponde ao pleno do Concello, sen quórum especial (artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación co artigo 47 da mesma norma; e artigo 107.b da Lei 5/1997, de 22 de xullo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

TERCEIRA. Referencia ao trámite de participación cidadá na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Conforme coa sentencia do Tribunal Constitucional 55/2018, do 24 de maio (BOE do 22 de xuño), os artigos 132 e 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, relativos á "*planificación normativa*" e "*participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de lei*", respectivamente, foron declarados contrarios ao orde constitucional. En consecuencia, para a aprobación ou modificación das ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais, os concellos non terán que abordar os ditos trámites.

CUARTA. Entrada en vigor e vixencia.

A aprobación ou modificación dunha ordenanza non entrará en vigor ata que se publique completamente o seu texto, transcorra o prazo previsto no artigo 65.2. Lei 7/1985, do 2 de abril (artigo 70.2 da mesma norma) e chegue o día en que aquela determina que entra en vigor (01.01.2024 neste caso).

A vixencia das ordenanzas e regulamentos municipais é indefinida e se manteñen en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

QUINTA. Contido material da modificación da ordenanza proposta.

Ten por obxecto establecer como obxecto da mesma tripla finalidade de:

- Fomentar a natalidade
- Fixar poboación no termo municipal
- Fomentar o comercio local de Touro

Para obter este obxecto, se incompatibiliza esta liña de axudas con outras co mesmo obxecto doutros concellos e compatibilízase coas que se podan recibir do Estado, da Xunta de Galicia ou da Deputación Provincial da Coruña.

Así mesmo se definen os gastos subvencionables e non subvencionables e se establecen os prazos para solicitar a axuda e o prazo para xustificala.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora da concesión de axudas para o fomento da natalidade e o asentamento poboacional no Concello de Touro cuxo texto íntegro figura como anexo.

SEGUNDO. Iniciar un período de exposición pública do expediente e publicar no taboleiro de edictos da Casa do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, por un prazo de 30 días hábiles, dentro dos que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

TERCEIRO. Elevar a definitivo o acordo que inicialmente se adopta se non se presentan reclamacións ou alegacións a dita aprobación inicial.

CUARTO. Facultar o alcalde do concello para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

ORDENANZA REGULADORA DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE, O ASENTAMENTO POBOACIONAL E O FOMENTO DO COMERCIO LOCAL NO CONCELLO DE TOURO

Exposición de motivos

O Concello de Touro presenta un índice de envellecemento elevado e unha dinámica poboacional con tendencia ao abandono do municipio por parte da xente nova.

A positiva incorporación da muller ao mundo laboral require un esforzo de adaptación familiar, o retraso na idade de emancipación dos nosos mozos e a evolución dos patróns que rexen os hábitos sociais e culturais, son algunhas das causas que inflúen no descenso da natalidade, que é un dos principais problemas ao que facer fronte na sociedade nos próximos anos.

Consecuentemente, o despoboamento do municipio e a baixa taxa de natalidade, conforman unha realidade social que require de medidas correctoras.

O artigo 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, establece que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Ademais, a familia está amparada pola Constitución Española que, no seu artigo 39, asegura a protección social, económica e xurídica da mesma.

A Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, atende ao reparto da poboación galega, que tende a concentrarse nas maiores áreas urbanas e nos concellos do litoral, ademais de producirse unha fragmentación e dispersión dos asentamentos poboacionais na nosa Comunidade autónoma. Estes cambios non son alleos á dinámica demográfica do Concello de Touro.

Esta Lei, sinala que, todas as administracións públicas de Galicia, incluída a Administración Local, incorporen a perspectiva demográfica nas súas políticas, tanto na elaboración da normativa que as regule como na dotación orzamentaria, especialmente nos ámbitos familiar, laboral, da saúde, a educación, a cultura e o ocio, o deporte, a xuventude, o envellecemento, a migración, os servizos públicos e as comunicacións e que colaborarán a prol do impulso demográfico de Galicia e promoverán, no exercicio das súas competencias, a cooperación da Administración estatal e comunitaria.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En manifestación da súa potestade regulamentaria e co obxectivo de fomentar a natalidade e o asentamento de poboación no municipio, o Concello do Touro, considera necesario, na medida dos recursos dos que dispón este concello, promover axudas destinadas ás familias que teñan fillos/as por nacemento ou adopción e establezan o seu domicilio de forma permanente no Concello do Touro. Para iso, a posta en marcha desta ordenanza, sería unha medida encamiñada a reactivar a natalidade deste concello.

Artigo 1. Fundamento

Esta ordenanza ten o seu fundamento nas competencias que lle outorgan os artigos 2 e 25.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Ademais, a Constitución Española, no seu artigo 39, ampara á familia asegurando a protección social, económica e xurídica desta.

Pola súa parte, o artigo 7 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia relativo á incorporación da perspectiva demográfica, dispón que, as administracións públicas de Galicia, entre as cales se encontra a administración local, incorporarán a perspectiva demográfica na produción normativa e na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas e todas as accións levadas a cabo no exercicio das súas competencias.

A dita lei, no artigo 67, establece que: as administracións públicas de Galicia, no marco das súas respectivas competencias, impulsarán o desenvolvemento de estratexias de carácter integral dirixidas a propiciar un saldo migratorio positivo e á mellora das taxas de actividade e ocupación de Galicia.

O Concello de Touro considera de interese público o apoio ás familias, fomentando a natalidade e o asentamento de poboación no termo municipal.

Artigo 2. Obxecto

O obxecto desta ordenanza é a regulación do réxime xurídico do outorgamento de axudas ás familias do Concello do Touro, coa tripla finalidade de fomentar a natalidade, de fixar poboación dentro do termo municipal e fomentar o comercio local de Touro.

Artigo 3. Natureza da axuda

As axudas que se outorguen conforme a presente ordenanza teñen a natureza de subvención directa conforme ao establecido no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta axuda é incompatible coas concedidas noutros concellos que teñan o mesmo fin público.

A percepción desta axuda será compatible con calquera outra axuda coa mesma finalidade que poidan obterse polo Estado ou a Comunidade Autónoma de Galicia pero o importe das subvencións recibidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas destas administracións, supere o custo dos gastos xustificados.

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Artigo 4. Persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias serán conxuntamente os proxenitores ou adoptantes, que figuren no rexistro de nacemento ou adopción. No caso de que so figurase un proxenitor ou adoptante, será esta a única persoa beneficiaria. Para os supostos de nulidade, separación, divorcio ou nos supostos nos que o fillo estea exclusivamente a cargo dun proxenitor, será este o solicitante da axuda. En todo caso, considerarase a situación de convivencia na data de solicitude da axuda. En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos/as seus/súas fillos/as ou se a tutela ou garda fora asumida por unha institución pública.

Artigo 5. Requisitos de acceso

As axudas poderán ser solicitadas por pai/nai ou titor/a das nenas e nenos nados/as entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de cada ano natural que reúnan os seguintes requisitos:

1 Ter nacionalidade española ou ser estranxeiro con residencia legal en España.

2 Serán condicións necesarias para percibir esta axuda:

- Que polo menos un dos proxenitores estea empadroado/a no Concello de Touro cunha antelación mínima de 9 meses á data de parto ou adopción.
- Que a persoa proxenitora solicitante teña a custodia do neno/a e toda a unidade familiar esté empadroada no Concello de Touro e no mesmo domicilio familiar incluído o/a menor nacido/a ou adoptado/a un mínimo de seis anos posteriores ao nacemento.

  Entenderase por unidade familiar, a efectos destas axudas, a formada polo pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e protección da/o menor. Tamén se considerará como membros da unidade familiar as parellas do pai, nai, titor/a do neno/a, sempre que convivan no domicilio familiar, así como os/as irmáns menores de idade do recen nado/a ou os maiores de idade que dependan economicamente dos seus pais ou titores. A estes efectos, considérase o domicilio familiar das nenos ou nenas beneficiarios/as o que figura no padrón de habitantes.

  O incumprimento desta condición dará lugar á revogación da subvención concedida, coa obriga de devolver o importe íntegro percibido. Será documento acreditativo do disposto neste apartado certificado de empadroamento e convivencia da unidade familiar, que se comprobará de oficio.

3 Que o/a menor conviva co/coa solicitante ou solicitantes.

4 O/A menor adoptado/a terá unha idade de ata 3 anos. Neste caso, será inscrito no prazo dun mes, dende a resolución xudicial, no padrón municipal de habitantes.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

6 As persoas beneficiarias deberán atoparse ao corrente das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Touro

7 Non ter pendente de xustificar subvencións outorgadas polo Concello de Touro.

8 Non estar en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de subvencións que se establece nos artigos 10 e 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As persoas beneficiarias terán as seguintes obrigas ante o Concello de Touro:

1 Cumprir o obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto nas datas sinaladas:

2 Admitirase unicamente para xustificar a achega, as facturas e os xustificantes de pago dos gastos efectuados exclusivamente en comercios radicados no Concello de Touro

Períodos nacementos	Prazo de solicitude da axuda	Datas das facturas	Prazo de xustificación
Entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro do ano natural en curso	1 mes a partir do día seguinte ao do nacemento	Dende a data de nacemento do neno/a ata o 31 de decembro do ano natural en curso.	Ata o 31 de decembro do ano natural en curso
Entre o 1 e o 31 de decembro do ano natural en curso	1 mes a partir do día seguinte ao do nacemento	Dende a data de nacemento do neno/a ata o 1 de marzo do ano natural seguinte ao do nacemento	Ata o 1 de marzo do ano natural seguinte ao do nacemento

3 Someterse ás actividades de control realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co Concello nas ditas actuacións.

4 Comunicarlle ao Concello calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda.

Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 30.7 de la LGS, estas subvencións concédense en atención a concorrencia dunha determinada situación na persoa perceptora que pola súa natureza presume á necesidade de incorrer en gastos de carácter extraordinario, polo que non teñen como obxectivo o financiamento dun gasto concreto que requira unha previa individualización do mesmo, sen prexuízo dos controis que o concello poda establecer para verificar a existencia das circunstancias que motiva o outorgamento da subvención.

Gastos non subvencionables

Non se subvencionan os gastos de tabaco, bebidas alcohólicas, loterías e xogos de azar.

Artigo 6. Contía das axudas e imputación do gasto

As axudas serán de 1.000,00 € por cada fillo/a nados/as, adoptados/as ou acollidos/as no período indicado no apartado segundo.

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

No caso de que o fillo/a nacido ou adoptado sexa o segundo ou sucesivos, a axuda será de 1.500,00 €.

No caso de nacementos ou adopcións de fillos/as con algunha discapacidade recoñecida cun grado igual ou superior ao 33%, a contía será de 1.500,00 €.

En caso de partos múltiples, terase dereito a percibir un 100% adicional para cada fillo/a nado/a. Este incremento, tamén se aplicará no caso de adopcións de máis dun/ha menor.

O Concello no seu orzamento anual, como requisito imprescindible, destinará a cantidade a conceder por axudas á natalidade. A imputación do gasto realizarase con cargo a esa partida orzamentaria específica, que se creará no orzamento xeral do Concello. A súa existencia vincularase á aplicación desta ordenanza na medida en que debe estar previsto no crédito de xeito adecuado e suficiente para a súa efectividade. Non obstante o disposto no apartado anterior, á vista das cifras resultantes, previa á tramitación da correspondente modificación orzamentaria, poderá incrementar ou diminuír o importe global

Artigo 7. Procedemento de solicitude e de concesión

As solicitudes das axudas deben de presentarse no modelo normalizado (anexo I), dirixidas ao alcalde-presidente. Estas, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Touro, a través da sede electrónica ou en calquera outro dos lugares habilitados ao efecto, de conformidade da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A convocatoria estará aberta durante todo o ano (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro).

A solicitude deberá presentarse no primeiro ano de vida do/a menor ou ata os tres anos de idade do/a menor adoptado/a.

No modelo de solicitude deberán realizar as seguintes declaracións:

1. Compromiso de seguir empadroada no Concello de Touro por un período mínimo de seis anos.

2. Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser beneficiario/a desta, ou ben cando sexa probado por parte do Concello de Touro que non se cumpre algún dos mencionados requisitos.

3. Certificado de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. O Concello de Touro comprobará de oficio que os/as solicitantes están ao corrente no cumprimento dos das obrigas tributarias.

Documentación complementaria

As persoas interesadas deberán presentar coa solicitude a seguinte documentación:

- Certificado do rexistro de nacemento ou adopción e DNI do solicitante.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- De ser o caso, auto xudicial de adopción ou copia compulsada, da resolución administrativa de acollemento.
2023/G003/000176	Baixa de servizo de axuda no fogar	00158/2023	15-06-2023 12:18
2023/G003/000177	EXPEDIENTE 2023/G010/000005. Pleno do Concello. Sesión especial de constitución da Corporación Municipal de Touro para o período 2023/2027	00159/2023	15-06-2023 12:18
2023/G003/000179	EXPEDIENTE 2023/G003/000179. Gastos por quilometraxe.	00161/2023	16-06-2023 11:45
2023/G003/000180	Aprobación nómina finiquito xuño 2023 Pájaro Fernández, Ana María	00162/2023	16-06-2023 12:55
2023/G003/000181	Aprobación de persoas candidatas e nomeamento de tribunal. EXPEDIENTE 2023/E001/000006. PEL 2023. Bases e convocatoria para a contratación de un operario de recollida de lixo, dous albaneis oficiais de segunda e un albanel oficial de terceira do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais.	00163/2023	16-06-2023 15:27
2023/G003/000182	EXPEDIENTE 2023/E001/0000007. Animador sociocultural. Prórroga no nomeamento de funcionaria interina de Cristina Andujar Garrido	00164/2023	16-06-2023 15:27
2023/G003/000183	EXPEDIENTE 2023/E001/000005. Nomeamento e condicións económicas para a contratación de un peón/a forestal en réxime laboral temporal a cargo da subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL rural Touro 2023).	00165/2023	16-06-2023 15:27
2023/G003/000184	Xestión de Propostas. Aprobación e pago subvencións otorgadas varias 2023	00166/2023	16-06-2023 16:54

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2023/G003/000185	Baixa de Servizo Axuda no Fogar	00168/2023	23-06-2023 10:59
2023/G003/000186	EXPEDIENTE 2023/E001/000006. PEL 2023. Bases e convocatoria para a contratación de persoal ao abeiro do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais.	00167/2023	23-06-2023 10:55
2023/G003/000188	EXPEDIENTE 2023/C0022/000052. Plan Municipal de obras 2022. Contratación da prestación do servizo de control da calidade das obras (expedientes 2022/C003/000007, 2022/C003/000008, 2022/C003/000009, 2022/C003/000010, 2022/C003/000011 e 2022/C003/000012)	00182/2023	05-07-2023 08:59
2023/G003/000189	EXPEDIENTE 2023/C0022/000053. POS+ 2022 (achega 2021). Contratación da prestación do servizo de control da calidade das obras (expedientes 2022/C003/000002, 2022/C003/000003, 2022/C003/000004 e 2022/C003/000005)	00183/2023	05-07-2023 08:59
2023/G003/000190	EXPEDIENTE 2023/C0022/000055. POS+ 2022 Adicional 2/2022, 2ª fase. Contratación da prestación do servizo de control da calidade das obras (expediente 2023/C003/000001)	00181/2023	05-07-2023 08:59
2023/G003/000191	EXPEDIENTE 2022/C003/000007. Plan municipal de obras 2022. Mellora de pista de Circes a Xunqueira.	00184/2023	05-07-2023 08:59
2023/G003/000192	EXPEDIENTE 2023/G010/000006. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria do 28 de xuño de 2023.	00169/2023	26-06-2023 07:50
2023/G003/000193	EXPEDIENTE 2022/C003/000008. Plan municipal de obras 2022. Mellora do viario da zanca da pena a Igrexa de Prevediños e outros.	00185/2023	05-07-2023 08:59
2023/G003/000194	EXPEDIENTE 2022/C003/000012. Plan municipal de obras 2022. Pavimentación de viario de Pena a Mourelos e outros	00186/2023	05-07-2023 08:59
2023/G003/000195	Aprobación e pago facturas Pacto de Estado Violencia de Xénero 2022/2023	00170/2023	29-06-2023 10:38
2023/G003/000196	Baixa de Servizo Axuda no Fogar	00171/2023	29-06-2023 13:22
2023/G003/000197	Alta de Servizo Axuda no Fogar	00172/2023	29-06-2023 13:23
2023/G003/000198	Alta de Servizo Axuda no Fogar por dependencia	00173/2023	29-06-2023 13:31
2023/G003/000199	Baixa de Xantar na casa	00174/2023	29-06-2023 13:28
2023/G003/000200	Aprobación e pago facturas xuño 2023 conserxería colexio e aluguer naves	00175/2023	30-06-2023 11:58
2023/G003/000201	Aprobación nóminas xuño 2023 e nóminas extras xuño	00176/2023	03-07-2023 09:31
2023/G003/000202	EXPEDIENTE 2023/G005/000001. Corporación Municipal 2023-2027	00177/2023	03-07-2023 12:18
2023/G003/000203	EXPEDIENTE 2023/G003/000203. Aprobación padrón da taxa recollida de lixo ano 2023	00180/2023	04-07-2023 13:45
2023/G003/000204	EXPEDIENTE 2023/E001/000004. Bases e convocatoria do proceso de selección mediante concurso-oposición de dous (2) tractoristas ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023.	00178/2023	04-07-2023 12:42
2023/G003/000205	Modificación de Servizo Axuda no Fogar	00179/2023	04-07-2023 13:01
2023/G003/000206	EXPEDIENTE 2023/E001/000006. PEL 2023. Bases e convocatoria para a contratación de persoal ao abeiro do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais.	00187/2023	06-07-2023 20:20
2023/G003/000207	EXPEDIENTE 2023/G003/000207. Organización e funcionamento da Corporación municipal 2023-2027.	00191/2023	17-07-2023 17:02

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

	Nomeamento dos/das tenentes de alcalde		
2023/G003/000208	Aprobación e pagamento de: facturas proveedores de enerxía eléctrica e aportación anualidade 2023 convenio prevención conductas aditivas.	00188/2023	13-07-2023 14:07
2023/G003/000209	EXPEDIENTE 2023/G003/000209. Organización e funcionamento da Corporación municipal 2023-2027. Delegación de competencias da Alcaldía en concelleiros	00192/2023	17-07-2023 17:03
2023/G003/000211	Decreto Ratificación acordo Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 2/2023	00189/2023	14-07-2023 12:27
2023/G003/000212	EXPEDIENTE 2023/E001/000004. Bases e convocatoria do proceso de selección mediante concurso-oposición de dous (2) tractoristas ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023.	00190/2023	14-07-2023 14:30
2023/G003/000213	Aprobación e pagamento de: facturas provedores varios (no face)	00194/2023	18-07-2023 10:34
2023/G003/000214	EXPEDIENTE 2023/G010/000007. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2023	00193/2023	17-07-2023 20:59
2023/G003/000215	Aprobación e pagamento de: facturas provedores varios FACe, e gastos: achega 2023 GDR Ulla Tambre Mandeo	00195/2023	18-07-2023 10:30
2023/G003/000217	EXPEDIENTE 2022/U010/000017. Alta de abastecemento de auga para a construción dunha vivenda no lugar de Pena, con solicitude de licenza municipal (2022/U022/000016) de 18 de novembro de 2022 e referencia catastral 15086C507001090001LU.	00196/2023	18-07-2023 10:27
2023/G003/000218	EXPEDIENTE 2023/E001/000008. Bases para a provisión en réxime laboral temporal de duración determinada por circunstancias da produción para a contratación de 3 peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMB) 2023.	00197/2023	18-07-2023 11:32
2023/G003/000219	Delegación de funcións da alcaldía para a celebración de matrimonio civil	00199/2023	21-07-2023 13:14
2023/G003/000221	Xestión de Propostas. Aprobación e pagamento de SEGURO TURISMO FIAT E-DOBLO 8779MCL	00198/2023	20-07-2023 08:09
2023/G003/000222	Aprobación de gastos e pagamento Banda de Música Isabel II	00200/2023	26-07-2023 13:38
2023/G003/000223	Aprobación de pago axudas adicionáis festas 2022 as parroquias do Concello	00201/2023	26-07-2023 13:39
2023/G003/000224	Reintegro remanente subvención TR351G 2018/23-1 (Aprol Rural 2018/2019)	00202/2023	26-07-2023 13:39
2023/G003/000225	EXPEDIENTE 2023/E001/000008. Bases para a provisión en réxime laboral temporal de duración determinada por circunstancias da produción para a contratación de 3 peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMB) 2023.	00203/2023	26-07-2023 13:40
2023/G003/000226	Aprobación e pagamento de: facturas produción de bens públicos de carácter preferente (área de gasto 3)	00204/2023	28-07-2023 13:21
2023/G003/000227	SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN DE SAF	00205/2023	28-07-2023 13:22
2023/G003/000228	Aprobación e pagamento de: factura servizo de conserxería CPI Touro xullo 2023	00206/2023	31-07-2023 14:14
2023/G003/000229	Aprobación nóminas xullo 2023	00207/2023	01-08-2023 14:17
2023/G003/000230	Aprobación e pagamento de: pólizas de seguro 2023.	00208/2023	07-08-2023 13:23
2023/G003/000231	Solicitude de modificación de SAF	00209/2023	08-08-2023 12:42

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2023/G003/000232	EXPEDIENTE 2023/G007/000017. Xunta de Goberno Local. Sesión extraordinaria do 9 de agosto de 2023.	00210/2023	09-08-2023 09:26
2023/G003/000233	EXPEDIENTE 2023/G003/000233. Corporación municipal 2023-2027. Delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local	00212/2023	10-08-2023 11:51
2023/G003/000234	Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos. PEIM 2023/2024	00211/2023	09-08-2023 13:11
2023/G003/000235	Ayudas europeas a instalaciones deportivas que fomenten el turismo deportivo sostenible	00213/2023	10-08-2023 11:52
2023/G003/000236	SOLICITUDE DE RENOVACION DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00214/2023	10-08-2023 14:25
2023/G003/000237	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO	00215/2023	21-08-2023 10:01
2023/G003/000238	Tramitación de Decretos	00216/2023	21-08-2023 13:59
2023/G003/000239	DOCUMENTACION REQUIRIDA PARA REVISION DE SAF	00218/2023	23-08-2023 14:17
2023/G003/000240	EXPEDIENTE 2023/G007/000018. Xunta de Goberno Local. Sesión extraordinaria do 23 de agosto de 2023.	00217/2023	23-08-2023 14:16
2023/G003/000241	Alta de Servicio Axuda no Fogar	00219/2023	24-08-2023 14:37
2023/G003/000242	Aprobación nóminas agosto 2023	00220/2023	31-08-2023 12:59
2023/G003/000243	Aprobación e pagamento de: factura servizo de conserxería CPI Touro AGOSTO 2023	00221/2023	31-08-2023 12:59

8 EXPEDIENTE 2023/G006/000221. Reparos de legalidade emitidos pola Secretaría-Intervención entre o 1 de marzo e o 31 de agosto de 2023. Toma de razón

ANTECEDENTES

14.09.2023. Certificado da Secretaría-Intervención sobre os reparos de legalidade ditados por aquela entre o 1 de marzo e o 31 de agosto de 2023

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS, TÉCNICAS E ECONÓMICAS

Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo de 2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (artigos 213 e concordantes).

Real Decreto 424/2017 do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades locais.

Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (artigo 4.1.b).6ª).

ACORDO

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

PRIMEIRO. O Pleno do concello toma razón de que entre o 1 de marzo e o 31 de agosto de 2023 non se emitiron reparos de legalidade (artigo 218 do Real decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais)

9 EXPEDIENTE 2023/T019/000001. Liquidación do Orzamento xeral do Concello de Touro correspondente ao exercicio de 2022. Toma de razón do Decreto 102/2023 polo que se aproba a liquidación

ANTECEDENTES

31.12.2022. Peche do exercicio económico correspondente ao ano 2022

04.05.2023. Decreto da Alcaldía 102/2023 polo que se aproba a liquidación do Orzamento da Entidade Local Concello de Touro correspondente ao exercicio económico de 2022.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

Normativa estatal:

- Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei Orgánica 2/12, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LEPSF).
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o TRLRFL en materia orzamentaria.
- Orde EHA 3565, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Orde HAP 1781/2016, de 20 de setembro, pola que se aproba o a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade da Administración Local (ICAL_normal).

Normativa municipal:

- Bases de Execución do Orzamento Xeral do 2022

ACORDO

PRIMEIRO. O Pleno do Concello de Touro toma coñecemento do Decreto da Alcaldía 102/2023 do 4 de maio, polo que se aproba a Liquidación do Orzamento da Entidade Local Concello de Touro correspondente ao exercicio de 2022.

10 Moción dos grupos políticos municipais

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

10.1 EXPEDIENTE 2023/G006/000228. Moción do grupo municipal do BNG sobre a creación de liñas de axudas para facer fronte aos gastos escolares (RE 202399900000397 do 10.09.2023)

Intervén Xoán Antonio Louzao Rodríguez (BNG) e defende a moción que di:

CREACIÓN DE LIÑAS DE AXUDAS PARA FACER FRONTE AOS GASTOS ESCOLARES

O inicio do curso escolar ven marcado polo custe que teñen que asumir as familias na compra de libro de texto e en todo o material escolar.

O proceso inflacionario que se está a padecer afecta tamén ao material escolar o que supón que neste curso 2023/24 haxa un incremento significativo dos gastos que teñen que afrontar as familias cos seus fillos e fillas.

O sistema educativo debe ter como un dos seus principais obxectivos o de garantir a igualdade de oportunidades para todo o alumnado. A equidade debe ser un dos piares do modelo educativo para o cal é necesario ter en conta a situación económica de vulnerabilidade na que se atopan moitas familias que se ve agravado polo aumento dos custos que deben afrontar como consecuencia da suba dos prezos.

Correspóndelle aos poderes públicos, e tamén ao concello, poñer todos os medios necesarios para axudar a paliar o sobreesforzo económico que supoñen as actuais circunstancias.

Por todo o exposto e polo que se propón ao pleno da corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS.

1. *O concello de Touro creará unha bolsa de axudas para financiar a compra de libros de texto e demais material escolar destinadas ao alumnado procedente de familias que o precisen.*
2. *Así mesmo, estudará a posibilidade de, no caso de que a Consellería de Educación non o facilite, dotarse de dispositivos (portátiles, tabletas...) para dar en préstamo durante o curso ao alumnado que careza deles por razóns económicas.*

INTERVENCIÓNS

Os portavoces dos distintos grupos municipais mostran o seu apoio á moción

VOTACIÓNS

Votos a favor: once (5 de PP; 4 de pMVdeT; 1 de PG; e 1 de BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a moción do grupo municipal do BNG sobre a creación de liñas de axudas para facer fronte aos gastos escolares (RE 202399900000397 do 10.09.2023)

SEGUNDO. Crear unha bolsa de axudas para financiar a compra de libros de texto e demais material escolar destinadas ao alumnado procedente de familias que o precisen.

TERCEIRO. Estudiar a posibilidade de, no caso de que a Consellería de Educación non o facilite, dotarse de dispositivos (portátiles, tabletas...) para dar en préstamo durante o curso ao alumnado que careza deles por razóns económicas.

10.2 EXPEDIENTE 2023/G006/000227. Moción do grupo municipal do BNG sobre o proxecto de construción unha planta de hidróxeno verde no encoro de Touro (salto n.º 2) no río Ulla, por parte da empresa TASGA renovables (RE 202399900000397 do 10.09.2023)

Intervén Xoán Antonio Louzao Rodríguez (BNG) e defende a moción que di:

MOCIÓN REFERIDA AO PROXECTO DE PLANTA DE HIDRÓXENO VERDE NO SALTO N.º 2

O pasado 7 de agosto saía a exposición pública o proxecto de construción unha planta de hidróxeno verde no encoro de Touro (salto n.º 2) no río Ulla, por parte da empresa TASGA renovables. Dita planta utilizaría a auga do encoro e a enerxía xerada na propia central hidroeléctrica propietaria da empresa que presenta o actual proxecto.

En concreto, prevé a utilización de 1.409 m³/ano de auga e 3.952 MWh/ano de enerxía para producir 67 toneladas de hidróxeno. Resultando un grado de eficiencia enerxética do 62% só considerando unha parte (a xeración) do proceso, xa que de consideralo completo (compresión, almacenamento e transporte) sería moito menor, de tal xeito que a relación será de produción de 0,55 MWh de hidróxeno por cada MWh de enerxía eléctrica consumida.

No proxecto contémplase tamén a planta de almacenamento do hidróxeno xerado ubicando tanto a planta produtora como a de almacenamento no marxe esquerdo do río Ulla, no concello de Vila de Cruces.

O proxecto vai supor que haxa un consumo de auga de aproximadamente un millón de m³ que non voltará ao cauce do Ulla. Así mesmo haberá un rexeite de ago máis de medio millón de m³ de auga que voltará ao cauce despois do proceso, con alta concentración de sustancias de disolución, polo que, sobre todo en épocas de estiaxe, pode haber un empeoramento da calidade das augas do Ulla augas abaixo do encoro que agravarán os danos que os encoros xeran nas augas pola redución do osíxeno disolto e arrastre de sedimentos dos fondos do vaso do encoro.

O proxecto supón un cambio nos uso das augas respecto a concesión de 23/04/2001 que Augas de Galicia otorgou á empresa para a produción de enerxía hidroeléctrica sen que este proxecto supoña ningún efecto económico positivo no entorno, como se recoñece no propio proxecto, nin unha mellora

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

na produción de enerxía, polo que só responde exclusivamente aos intereses económicos da empresa promotora.

Por outra banda temos que que ter en conta que con data 9 de agosto de 2004 o concello de Touro asinara un contrato coa empresa promotora do encoro en virtude do cal esta se comprometía a unha serie de actuacións entre as que estaban a de realizar unha aportación económica anual ao concello equivalente ao IAE do salto de Brandariz (encoro n.º 1) así como utilizar a coroación da presa n.º 2 para o paso de vehículos.

O pasado 21/XII/2022 Augas de Galicia denegaba a solicitude dos concello de Touro e Vila de Cruces de permitir o paso de vehículos por esta presa en base a unha serie de razóns entre as que estaban que as varandas de protección non estaban homologadas como barreiras de contención para vehículos, a falta de visibilidade no acceso inmediato á presa ou o quen era o organismo responsable en caso de producirse un accidente.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. *O concello realizará as xestións necesarias ante a Xunta e a empresa promotora para que esta cumpra coas obrigas asumidas no contrato que no seu día asinou co concello de Touro. En concreto, o concello verificará que a empresa paga a cantidade que lle corresponde en concepto de compensación equivalente ao IAE do salto 1, e esixirá a súa actualización no caso de non cumplirse.*

Así mesmo demandará da empresa que realice as obras necesarias para que se cumplan as condicións para que se poida autorizar o paso de vehículos e persoas pola presa n.º 2.

2. *O concello presentará alegacións ao actual proxecto para garantir que o mesmo non vai supor ningún problema ambiental na contorno nin nengunha merma na calidade das augas do río Ulla xa afectadas negativamente dende a construción dos encoros de Brandariz e Touro. Tamén esixirá o cumprimento das obrigas recollidas no resto dos puntos do presente acordo como condición necesaria para que se poida levar a cabo o proxecto da planta de hidróxeno.*

3*. Así mesmo, e dado que vai haber un cambio no uso da auga para outro fin que o recollido na concesión inicial, coa única finalidade dun lucro para a empresa promotora, o que precisa da tramitación diante de Augas de Galiza dun expediente de modificación da concesión de aproveitamento hidroeléctrico, o Concello demandará a tramitación do obrigado expediente de modificación da concesión e, de ser o caso, esixirá tanto á empresa como á Xunta o estudo de compensacións económicas para os veciños e veciñas da contorna dos dous encoros, adicionais ás xa comentadas no punto 1*

4. *O Concello demandará corrixir o estudo de impacto ambiental, e polo tanto que se paralicen os prazos da súa tramitación, para que inclúa a análise de riscos das operacións de almacenamento*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

(tendo en consideración a alta inflamabilidade do hidroxeno, o risco de fugas polo sistema elixido, e as características do entorno) e de transporte (cun estudo específico que recolla todas as obrigas legais estatais, autonómicas e locais, xunto cos informes sectoriais obrigados, nomeadamente o dos organismo competentes en estradas, medio ambiente e protección civil, así como as características do mesmo, como itinerarios previstos, tonelaxe e medidas dos camións, frecuencia das viaxes, ...). Tamén se debería incluír o encaixe do proxecto nos Actos Delegados da UE sobre da xeración de combustíbeis renovábeis de orixe non biolóxico (RFNBO), derivados da esixencia da Directiva 2018/2001, relativa ao fomento do uso da enerxía procedente de fontes renovábeis."

INTERVENCIÓNS

Interveñen os portavoces dos distintos grupos politicos municipais para expresar ao seu apoio á moción

VOTACIÓNS

Votos a favor: once (5 de PP; 4 de pMVdT; 1 de PG; e 1 de BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos)

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a moción do grupo municipal do BNG sobre o proxecto de construción unha planta de hidróxeno verde no encoro de Touro (salto n.º 2) no río Ulla, por parte da empresa TASGA renovables (RE 202399900000397 do 10.09.2023)

SEGUNDO. Realizar as xestións necesarias ante a Xunta e a empresa promotora para que esta cumpra coas obrigas asumidas no contrato que no seu día asinou co Concello de Touro. En concreto, o concello verificará que a empresa paga a cantidade que lle corresponde en concepto de compensación equivalente ao IAE do salto 1, e esixirá a súa actualización no caso de non cumplirse.

Así mesmo demandará da empresa que realice as obras necesarias para que se cumplan as condicións para que se poida autorizar o paso de vehículos e persoas pola presa n.º 2.

TERCEIRO. Presentar alegacións ao actual proxecto para garantir que o mesmo non vai supor ningún problema ambiental na contorno nin nengunha merma na calidade das augas do río Ulla xa afectadas negativamente dende a construción dos encoros de Brandariz e Touro. Tamén esixirá o cumprimento das obrigas recollidas no resto dos puntos do presente acordo como condición necesaria para que se poida levar a cabo o proxecto da planta de hidróxeno.

CUARTO. Así mesmo, e dado que vai haber un cambio no uso da auga para outro fin que o recollido na concesión inicial, coa única finalidade dun lucro para a empresa promotora, o que precisa da tramitación diante de Augas de Galiza dun expediente de modificación da concesión de aproveitamento hidroeléctrico, o Concello demandará a tramitación do obrigado expediente de modificación da concesión e, de ser o caso, esixirá tanto á empresa como á Xunta o estudo de

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

compensacións económicas para os veciños e veciñas da contorna dos dous encoros, adicionais ás xa comentadas no punto 1

QUINTO. Demandar corrixir o estudo de impacto ambiental, e polo tanto que se paralicen os prazos da súa tramitación, para que inclúa a análise de riscos das operacións de almacenamento (tendo en consideración a alta inflamabilidade do hidroxeno, o risco de fugas polo sistema elixido, e as características do entorno) e de transporte (cun estudo específico que recolla todas as obrigas legais estatais, autonómicas e locais, xunto cos informes sectoriais obrigados, nomeadamente o dos organismo competentes en estradas, medio ambiente e protección civil, así como as características do mesmo, como itinerarios previstos, tonelaxe e medidas dos camións, frecuencia das viaxes, ...). Tamén se debería incluír o encaixe do proxecto nos Actos Delegados da UE sobre da xeración de combustíbeis renovábeis de orixe non biolóxico (RFNBO), derivados da esixencia da Directiva 2018/2001, relativa ao fomento do uso da enerxía procedente de fontes renovábeis."

10.3 EXPEDIENTE 2023/G006/000229. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a ampliación do importe das subvencións destinadas á organización das festas parroquiais (RE 202399900000395 do 10.09.2023)

Intervén Jesús José Reboredo González (PP).

Defende a moción que di:

PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA AMPLICACIÓN DO IMPORTE DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS.

Na sesión do pleno do 20 de xuño de 2022 acordouse duplicar as subvencións as Comisións de Festas, coa finalidade manter a celebración das festas patronais das parroquias para o exercicio 2022.

Consideramos que esta medida debe consolidarse, fixando a contía das subvencións ás comisións de festas en 600 euros, para o exercicio 2023 e seguintes, consignando nos orzamentos municipais os créditos necesarios.

Polo exposto, propoñemos a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. *Fixar as axudas municipais para a organización das festas patronais das parroquias na contía de 600 euros.*

SEGUNDO. *Ampliar para este ano 2023 as axudas directas destinadas a celebración das festas parroquiais, que se recollen na base 15.b de execución do orzamento prorrogado do exercicio 2022, dos 300 euros previstos até os 600 euros.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

TERCEIRO. *Para o casos de que non exista crédito suficiente na aplicación orzamentaria correspondente, realizar un suplemento de crédito con cargo ó remanente de tesourería , tal como se recolle na base 32 das de execución do orzamento.*

INTERVENCIÓNS

Os portavoces dos distintos grupos municipais mostran o seu apoio á moción.

O voceiro do grupo de pMVdeT agradece que o PP asuma ás reivindicacións do seu grupo e do BNG de axudar as comisións de festas.

VOTACIÓNS

Votos a favor: once (5 de PP; 4 de pMVdeT; 1 de PG; e 1 de BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos)

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a ampliación do importe das subvencións destinadas á organización das festas parroquiais (RE 202399900000395 do 10.09.2023)

SEGUNDO. Fixar as axudas municipais para a organización das festas patronais das parroquias na contía de 600 euros.

TERCEIRO. Ampliar para este ano 2023 as axudas directas destinadas a celebración das festas parroquiais, que se recollen na base 15.b de execución do orzamento prorrogado do exercicio 2022, dos 300 euros previstos até os 600 euros.

CUARTO. Para o casos de que non exista crédito suficiente na aplicación orzamentaria correspondente, realizar un suplemento de crédito con cargo ó remanente de tesourería , tal como se recolle na base 32 das de execución do orzamento.

10.4 EXPEDIENTE 2023/G006/000230. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o rexeitamento da tramitación de leis de amnistía (RE 202399900000410 do 10.09.2023)

Antes do inicio do debate e votación do asunto e como exteriorización do seu rexeitamento á moción presentada, abandonan o salón de plenos os concelleiros do pMVdeT Darío Rey Suárez, Angélica Dolores Lamas Louzao e José Luís Ramos Barreiro.

Intervén Jesús José Reboredo González (PP).

Defende a moción que di:

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

MOCIÓN CONTRA A TRAMITACIÓN DUNHA LEI DE AMNISTÍA QUE PRESENTA O GRUPO POPULAR NO CONCELLO DE TOURO, conforme ao previsto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para elevar ao Pleno a Proposta de acordo/Moción que trae a súa causa na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 15 de outubro de 1977 o Congreso dos Deputados aprobou a Lei de Amnistía que seguiu o principio de reconciliación nacional que guiou a nosa Transición á democracia. A amnistía era unha demanda social e unha necesaria e imprescindible impugnación do ordenamento xurídico da ditadura. Foi un dos instrumentos cos que se puxo punto final á represión que sufriu unha parte da sociedade española e un dos grandes acordos que consolidaron o noso camiño á democracia.

Durante a tramitación da Constitución de 1978 debateuse a cuestión da amnistía, xa que se presentaron dúas emendas para que as Cortes Xerais puidesen ter esa competencia. As emendas foron rexeitadas e, pola contra, aprobouse o artigo 62 que prohibe indultos xerais. É dicir, o perdón -que si existe no noso ordenamento e que está regulado na Lei do Indulto-, debe ser sempre individualizado e nunca con carácter xeral.

Nunha democracia europea consolidada, como é a española de 2023, unha amnistía, ademais, atenta contra algúns dos principios básicos do Estado de Dereito como son a exclusividade do poder xudicial para xulgar e facer executar o xulgado, a igualdade na aplicación da lei e a seguridade xurídica. Nin o lexislador nin o poder executivo poden arrogarse a facultade de declarar inmune a un grupo de persoas, borrar os seus delitos e mesmo evitar que sexan xulgados como calquera outro cidadán. Todo iso ademais mentres que tanto o Tribunal de Xustiza da UE como o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos teñen pendente resolucións referidas á cuestión, sobre a que se expón a posible amnistía e que afectan a España.

En 2017 produciuse un intento de insurrección por parte dos poderes públicos de Cataluña contra a orde Constitucional. A reacción do Estado de Dereito foi a aplicación do artigo 155 da Constitución e a posta en marcha dos instrumentos penais contra os seus impulsores.

O Tribunal Supremo condenou aos seus principais líderes a penas de entre 9 e 13 anos por sedición e malversación. Algúns dos seus principais responsables fuxiron ao estranxeiro. Desde entón tratan de evitar a acción dos Tribunais españois e europeos. Non foi o único que o fixo. O pasado 5 de setembro Puigdemont condicionou a gobernabilidade de España a, entre outras cuestións, a aprobación dunha Lei de Amnistía que favoreza, entre outros, aos procesados polo referendo ilegal de 2017, en ocasións por feitos dunha violencia extrema.

Non é a primeira vez que se expón esta cuestión. Xa en 2021 rexistrouse unha iniciativa destas características no Congreso e os Letrados emitiron un informe contundente contrario á súa tramitación. Ademais, tanto Pedro Sánchez como ministros do seu Goberno, Juan Carlos Campo,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Fernando Grande Marlaska e Carmen Calvo, entre outros moitos dirixentes socialistas, afirmaron no pasado a inconstitucionalidade dunha posible amnistía.

Os feitos xurídicos seguen igual, pero cambiaron as circunstancias políticas. Pedro Sánchez, nun intento desesperado por conservar a Presidencia do Goberno, abriuse a que se poida tramitar unha Proposición de Lei. Ademais de supoñer unha inconstitucionalidade flagrante, de novo preténdese utilizar un atallo para evitar os controis de legalidade do CGPJ, a Fiscalía e o Consello de Estado.

O prezo da presidencia non sería só exculpar centenares de delitos senón deslexitimar o Estado de Dereito e branquear e considerar a lexitimidade da sedición que levou a cabo. En definitiva, un inasumible prezo político para calquera gobernante decente e que a falta de rexeitamento explícito e contundente por parte do Goberno está a causar unha profunda conmoción social.

Por todo iso, o Grupo Popular no Concello de Touro, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1.º- Rexeitar calquera tipo de amnistía ou indulto xeralizado para calquera grupo de cidadáns, calquera que sexa o seu delito.

2.º- Considerar que o imperio da lei é a expresión da vontade popular, tal e como establece o preámbulo da Constitución, e compromete a todos os poderes para o seu cumprimento.

3.º- Animar aos dous partidos maioritarios a buscar acordos de Estado que eviten que a sociedade española se vexa sometida ás condicións ilegais de partidos independentistas.

4.º- Dar traslado destes acordos a Presidencia do Goberno, á Vicepresidencia primeira e ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, á Vicepresidencia segunda e ministerio de Traballo e Economía Social, ao ministerio de Política Territorial, e aos portavoces parlamentarios no Congreso e o Senado; así á Xunta de Goberno da FEMP.

INTERVENCIÓNS

Intervén Xoán Antón Louzao Rodríguez (BNG)

Sinala que a moción é unha moción preventiva e lembralle que o Partido Popular xa aprobou unha amnistía fiscal. Engade que o problema é a incapacidade do Partido Popular de recoñecer a plurinacionalidade do país e pon como exemplo que votase en contra do uso do galego no Congreso dos Diputados.

Intervén o alcalde Roberto Castro Rocamonde.

Anuncia o seu voto en contra e a súa disconformidade coa moción.

VOTACIÓNS

Para os efectos da votación non se considera que se absteñen os membros da Corporación que se ausentaron do Salón de Sesións xa que o fixeron antes de iniciarse a deliberación do asunto e non estiveron presentes no momento da votación (artigo 100 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais)

Votos a favor: seis (5 de PP; e 1 de PG)

Votos en contra: dous (1 de pMVdeT; e 1 de BNG)

Abstencións: ningunha (0 votos)

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o rexeitamento da tramitación de leis de amnistía (RE 202399900000410 do 10.09.2023)

SEGUNDO. Rexeitar calquera tipo de amnistía ou indulto xeralizado para calquera grupo de cidadáns, calquera que sexa o seu delito.

TERCEIRO. Considerar que o imperio da lei é a expresión da vontade popular, tal e como establece o preámbulo da Constitución, e compromete a todos os poderes para o seu cumprimento.

CUARTO. Animar aos dous partidos maioritarios a buscar acordos de Estado que eviten que a sociedade española se vexa sometida ás condicións ilegais de partidos independentistas.

QUINTO. Dar traslado destes acordos a Presidencia do Goberno, á Vicepresidencia primeira e ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, á Vicepresidencia segunda e ministerio de Traballo e Economía Social, ao ministerio de Política Territorial, e aos portavoces parlamentarios no Congreso e o Senado; así á Xunta de Goberno da FEMP.

Reincorpóranse ao salón de plenos os concelleiros do pMVdeT Darío Rey Suárez, Angélica Dolores Lamas Louzao e José Luís Ramos Barreiro.

10.5 EXPEDIENTE 2023/G006/000231. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a gravación das sesións plenarias (RE 02399900000396 do 10.09.2023)

Intervén Jesús José Reboredo González (PP).

Defende a moción que di:

PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A GRAVACIÓN AUDIOVISUAL DAS SESIÓNS DO PLENO.

GRAVACIÓN AUDIOVISUAL DAS SESIÓNS DO PLENO.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Para completar a implantación da administración electrónica no Concello, adaptando a xestión municipal ás novas tecnoloxías, facilitando a transparencia e o acceso electrónico dos veciños ós servizos públicos, consideramos necesario establecer un servizo de gravación audiovisual das sesións plenarias.

Este servizo debería permitir a gravación en vídeo das sesións do pleno para a súa posterior transformación en documentos audiovisuales e, no seu caso, a retransmisión en streaming.

O marco legal para o establecemento do servizo de gravación audiovisual das sesións plenarias ven establecido polo artigo 25.ñ) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a Lei 19/2013, de transparencia, e nas leis 39/2015, de procedemento administrativo común, e 40/2015, de réxime xurídico do sector público.

En base ó exposto, proponse a adopción polo Pleno dos seguintes acordos:

1.º- Aprobar a gravación audiovisual das sesións do Pleno, mediante a contratación dun sistema de gravación que inclúa como servizos específicos os seguintes:

- Gravación dos plenos e posibilidade de retransmisión en streaming

- Edición da vídeo acta correspondente a cada sesión plenaria.

- Autenticación e firma electrónica.

- Publicación na páxina web do concello.

- Servicio de indexación e búsquedas.

- Cumprimento de estándares e requisitos legais.

2.º- Que se tramite pola Alcaldía o correspondente expediente de contratación do servizo de gravación audiovisual das sesións plenarias, para a súa posta en funcionamento o día 1 de xaneiro de 2024.

3.º- Comprometerse a consignar o crédito necesario para a súa contratación no orzamento do exercicio 2024.

INTERVENCIÓNS

Os portavoces dos distintos grupos municipais mostran o seu apoio á moción.

Darío Rey Suárez manifesta que a moción pon en valor o traballo de pMVdeT e lembra que o PP votou en contra dunha moción similar do seu grupo.

VOTACIÓNS

Votos a favor: once (5 de PP; 4 de pMVdeT; 1 de PG; e 1 de BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos)

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a gravación das sesións plenarias (RE 02399900000396 do 10.09.2023)

SEGUNDO. Aprobar a gravación audiovisual das sesións do Pleno, mediante a contratación dun sistema de gravación que inclúa como servizos específicos os seguintes:

- Gravación dos plenos e posibilidade de retransmisión en streaming
- Edición da vídeo acta correspondente a cada sesión plenaria.
- Autenticación e firma electrónica.
- Publicación na páxina web do concello.
- Servicio de indexación e búsquedas.
- Cumprimento de estándares e requisitos legais.

TERCEIRO. Que se tramite pola Alcaldía o correspondente expediente de contratación do servizo de gravación audiovisual das sesións plenarias, para a súa posta en funcionamento o día 1 de xaneiro de 2024.

CUARTO. Comprometerse a consignar o crédito necesario para a súa contratación no orzamento do exercicio 2024.

11 Rogos e Preguntas

Realízanse as seguintes preguntas:

Preguntas efectuadas polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:

1ª Xoán Antón Louzao Rodríguez pregunta polos criterios polo que se ubicou o Ulla Fest e a actuación de Paco Nogueiras no que o público estaba situado nun arcén nunha curva.

Acláralle o alcalde que a xente non estaba nun arcén nunha curva senón sentada no chan nunha alfombra na beirarrúa.

2ª Pregunta porqué coincidiron dous eventos como a festa da 3ª idade e o Festival de Bandas

Respóndelle o alcalde que o festival de bandas non o organiza o concello e o único que fai é proporcionar recursos. Foi un acto e unhas datas consensuadas coa Banda que é autónoma e tomou as decisións que considerou necesarios.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

4ª Pregunta polo convenio asinado coa ANPA e se se vai a incrementar a contía da súa subvención.

A ANPA presentou como xustificación dos gastos un importe maior da subvención outorgada e solicitou que se incrementase o importe da subvención que percibe e non lle consta que se tomase ningunha decisión ao respecto. Se hai posibilidade legal de incrementar o importe da subvención, farase.

5ª Pregunta pola aplicación do Concello de Touro sobre turismo

Respóndeselle que o concello pagou 15.000 € por unha app que non ten mantemento nin contido nin se pode instalar nin descargar por problemas de actualización. Estase a falar coa empresa que a elaborou para intentar que sexa utilizable.

Intervén Darío Rey Suárez para explicar que a app de bandos está dando problemas pero que en breve serán solucionados.

Preguntas efectuadas polo grupo municipal do BNG PP

1º Jesús José Reboredo González pregunta se, a vista das competencias do concelleiro delegado de obras e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local en materia de contratación, existe unha duplicidade de competencias en materia de obras. A pregunta é quen ten a competencia que en materia de contratación ten o alcalde

2ª Rebeca María Codesido Barreiro pregunta pola esixencia de empadroamento para acceder ás actividades extraescolares xa que ao existir rapaces doutros concellos escolarizados en Touro non sería mais convinte esixir a escolarización para acceder as actividades extraescolares.

Responde Darío Rey Suárez. Sinala que o concello asume as actividades que antes asumía a ANPA. Actualmente se establece o criterio da renda dispoñible para subvencionar a participación nestas actividades e os servizos sociais do concello só teñen competencia sobre os veciños do concello; engade que a discriminación entre empadroados e escolarizados é só na actividade de inglés na que hai unha grande demanda e poucas prazas; na lista de reserva se se ten en conta a escolarización.

3ª Alfredo Souto Castelo pregunta por polo estado de distintas obras e o estado dos debroces así como pola nova distribución de postos que se fixo na feira do pasado día 5 de setembro e se se vai a manter esa nova distribución.

Responde Jesús Martínez Pereira as cuestións sobre as obras. Sobre a modificación dos postos postos da feira respóndelle o alcalde que si se manterá coa finalidade de eliminar un problema de inseguridade viaria e a intención é deixala libre ao tráfico xa que nela está o Centro de Saúde e ten que estar accesible e con aparcadoiro.

4ª Isolina Suárez Millán pregunta polo cambio de datas do certame de bandas setembro do certamen das bandas coincidencia de eventos

Responde Roberto Castro Rocamonde que a intención do concello é apoiar á banda polas

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

cifras de afluencia son mellores que os dos outros actos. Non se fixo misa porque non se

Ao non ter máis asuntos que tratar, levántase a sesión por orde da Presidencia.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: VfUBEZJbYkDaaE8sRdOD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.